

ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA ARRANXO URBANIZACIÓN DO PM5-03. O MILLADOIRO

Na Casa do Concello de Ames sendo as trece horas día catro de maio de dous mil dezaioito, reúne a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA ARRANXO URBANIZACIÓN DO PM5-03. O MILLADOIRO**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 12 de abril de 2018 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 24 de abril de 2018 a empresa clasificada en primeiro lugar, Excavaciones José Varela Iglesias SL presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 000/2969) a documentación requirida para proceder a adxudicación definitiva.

A mesa de contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos (constitución de aval, pago de anuncios, solvencia económica e técnica, etc.) necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adxudicación das obras de "arranxo urbanización do PM5-03. O Milladoiro" á empresa **Construcciones Ponciano Nieto SL**, con CIF B-15293145, nas condicións establecidas no acordo de clasificación de ofertas e no resto de condicións ofertadas pola empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.

